



### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77, do 3 de abril de 2020.

Visto que según Resolución de Alcaldía núm. 2021-0070 do 24 de maio de 2021, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso de selección, por concurso-oposición, dun emprego de carácter laboral temporal, a tempo parcial (75% xornada-6 horas/día) de Varredor por un período máximo de 2 meses, sendo a data límite de finalización do contrato o 30 de setembro de 2021, para o Concello de Mondoñedo (Programa Fomento do Emprego 2020 da Deputación Provincial de Lugo).

Vista a base quinta de convocatoria que regula o proceso de selección, na que se cita que rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva coa lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión. No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

Con base no anterior,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación, de ser o caso, do motivo da exclusión:

#### LISTA PROVISIONAL DE CANDIDATAS/OS INCLUÍDAS/OS

1.- RODRÍGUEZ GARCÍA, CÉSAR                      DNI        \*\*\*6300\*\*

**Segundo.-** Designar como membros do Tribunal Cualificador:

Presidente: Montserrat López González (Traballadora Social do Concello)  
Secretario: María Remedios Rego Villalba (Administrativo do Concello de Mondoñedo)  
Vogais:  
Sonia María Fraga Otero (Traballadora Social do Concello)  
María Esther Otero González (Responsable da Oficina de Información Xuvenil)  
José Manuel Otero Corral (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local)

**Terceiro.-** De acordo co apartado 2 da base quinta de convocatoria, ao non haber excluídos/as, esta lista provisional elévase a definitiva.

**Cuarto.-** Convocar aos membros do Tribunal Cualificador o vindeiro **martes 15 de xuño ás 10:15 h.** para a constitución do tribunal e posterior baremación de méritos, e ás 10:30 para a proba da fase de oposición, ambos actos no Salón de Plenos da Casa do Concello.

**Quinto.-** Convocar aos candidatos/as admitidos para a proba da fase de oposición o vindeiro **martes 15 de xuño ás 10:30 no Salón de Plenos da Casa do Concello** (Praza do Concello, 1, 27740 Mondoñedo). Os/as candidatos/as, deberán vir provistos de DNI para a realización da proba de oposición.





Praza do Concello, 1  
27740 Mondoñedo ( Lugo)

**Sexto.-** Os/as candidatos/as que deberán superar a proba de coñecemento da lingua galega, son os seguintes:

1.- RODRÍGUEZ GARCÍA, CÉSAR                      DNI        \*\*\*6300\*\*

**Séptima.-** Ordenar a publicación desta resolución coa lista definitiva de admitidos e excluídos nos termos recollidos nas bases de convocatoria.

Así o ordena e asina o Sr. alcalde.

Mondoñedo, na data de sinatura,

O alcalde-presidente

Manuel Ángel Otero Legide  
(documento asinado dixitalmente a marxe)

Ante min,  
A secretaria-interventora accidental  
María Remedios Rego Villalba

